

MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO E EMPRESA, INE.
Grupo de Traballo do INE e Subcomisión do Ministerio

Esta semana mantivemos as reunións de subcomisión do INE e do noso ministerio, sen novas destacables, **o INe segue en parálise**, os únicos avances significativos son os referidos á privatización de servizos, **outros nove millóns de Euros este trimestre para que empresas externas realicen o noso traballo**. O Consello de Dirección recoñece a situación crítica de moitas unidades derivada da perda constante de persoal, pero non fai nada por evitala, non digamos xa por revertela.

Desde a CIG fomos moi críticos coa inacción do organismo, **mentres noutros ministerios os seus xestores están actuando na mellora das condicións laborais do seu persoal laboral**; a través incrementos substanciais na produtividade, asignacións de complementos..... **No INe ségueno estudando**. Estes son algúns exemplos:

- **Levamos anos reclamando un acordo de produtividade por obxectivos** similar ó da Seguridade Social e que agora xa teñen en moitos máis organismos (SEPE, Inspección de Traballo, Política Territorial, IMSERSO). **Sistema que minimiza ou elimina as diferenzas entre persoal funcionario e laboral e entre Servizos Centrais e Delegacións Provinciais**. As persoas que dirixen **o organismo non queren saber nada disto, implicaría perdas nos seus privilexios**, pero despois “entráñanse” de que o persoal marche.
- **Desde que existe o novo acordo de complementos, todos os ministerios están presentando propostas para mellorar as retribucións do seu persoal**, algúns levan presentadas xa máis de dez propostas, moitas delas aprobadas por Función Pública. Nos propuxemos desde o principio a asignación do complemento E1.c (desempeño de funcións fora do centro de traballo) para o persoal de campo, **no INe ségueno estudando, e xa levan dous anos**.
- Fai anos que **estamos reclamando medidas urxentes para aquelas unidades con dotacións de persoal inviables, sobre todo CATIs Tarde**. Fixemos todo tipo de propostas; paso voluntario para a mañá, asignación de complementos.... Dixéronnos que o Consello de Dirección estaba elaborando unha proposta para negociar con nos, pero despois de máis dun ano, **seguemos sen saber nada**.

Como podedes ver, o único aliciente que nos ofrecen para quedar no INe é o Teletraballo, que agora xa teñen en case todos os ministerios e **como oportunidade de mellora o traslado a outro organismo**. Así é que en todos os concursos de traslados perdemos efectivos, no último concurso marcharon 6 persoas e quedaron desertos 17 postos. Nas ofertas de emprego sempre quedan postos desertos e quen ten posibilidade de escoller, elixe sempre outros destinos.

Este mes van a materializar a suba e o pago de atrasos correspondentes a suba adicional do 0,5% condicionada polo aumento da inflación. Aínda así seguemos perdendo poder adquisitivo grazas ós pactos dos sindicatos “maioritarios”.

No referido ó **Troco de Réxime Xurídico**, seguemos insistindo ante Función Pública e ante o propio INe que **é preciso que aclaren cales van a ser as funcións do persoal**, xa que non todos/as parten da mesma situación (persoal con complementos de campo ou sen eles). Tamén o seguen estudando. Reclamamos algún documento por escrito que o aclare, pero moito nos tememos que o deixen ó criterio dos delegados e delegadas provinciais.

Coa **Xubilación Parcial**, máis do mesmo. Temos aínda 47 solicitudes en prazo sen tramitar e isto co condicionante dun cambio na Lei de Seguridade Social para o mes de abril que a Administración aínda non sabe como vai a aplicar.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.